

3º.- ELECCIÓN DA FORMA XURÍDICA DA EMPRESA

Cando unha persoa ou grupo de persoas decide iniciar unha actividade empresarial, debe decidir cal é a forma xurídica que lle vai resultar máis convinte.

Esta cuestión ten unha gran transcendencia, posto que dela vense derivar cuestións tales como o *número mínimo de socias/os/as* necesario para a súa creación, a *responsabilidade* que adquiren fronte ás débedas da empresa, o *capital mínimo* que a lei esixe para a constitución da empresa, o *régime de tributación* ou a modalidade de cotización á *Seguridade Social*.

Hai unha multiplicidade de factores que temos que ter en conta no momento de decidir o marco xurídico dunha actividade empresarial.

Ademais das cuestións exclusivamente legais, existen condicións coma a do capital mínimo ou do número mínimo de promotoras/es e outras como poden ser:

- A natureza do vínculo entre os/as promotores/as
- Querer dar máis importancia o diñeiro aportado ou o grao de integración persoal dos/as promotores/as no proxecto
- O custo de legalización e formalización
- A posibilidade de recibir axudas e subvencións das institucións públicas, etc.

ASPECTOS A TER EN CONTA O ELEXIR A FORMA XURÍDICA

- Obxectivos que perseguen persoalmente os/as promotores/as e a empresa en común
- Número de socias/os
- Capital mínimo que esixe a lei
- Porcentaxes de participación no capital
- Dedicacións profesionais e laborais
- Régime de tributación á facenda
- Régime de cotización a Seguridade Social
- Escala de remuneración do traballo prestado por cada un das/os socias/os.
- Valoración das achegas en especie
- Disponibilidade, responsabilidade e poderes das/os socias/os
- Perspectivas de futuro e estratexia que a empresa debe seguir

En moitos casos é aconsellable atopar o asesoramento dunha persoa experta, non so no proceso de constitución da empresa, senon tamén na etapa de "tomar decisións", conseguindo así a intervención dunha terceira persoa, que permitirá visualizar diferentes opcións e buscar solucións de consenso no momento de poñer dacordo a todos/as os/as socias/os/as sobre as condicións que deben rexer na empresa.

Desde o punto de vista xurídico, podemos distinguir distintos tipos de empresa segundo se trate dun/dunha empresario/a individual ou dunha sociedade.

- **Empresaria/o individual:** persoa que, pola súa conta e risco, exerce en nome propio, por ela mesma ou a través dun/dunha representante, unha actividade constitutiva de empresa.
- **Sociedade:** unha ou varias persoas deciden poñer en común traballo ou recursos económicos.

O seguinte cadro mostra os diferentes tipos de formas xurídicas de empresa existentes na lexislación española:

PERSONALIDADE		FORMA XURIDICA	NUMERO DE SOCIAS/OS
PERSONAS FÍSICAS	PERSOA FÍSICA	EMPRESARIO INDIVIDUAL	1
	SOCIEDADES NON MERCANTIS	COMUNIDADE DE BENS	Mínimo 2
		SOCIEDADE CIVIL	Mínimo 2
PERSONAS JURIDICAS	SOCIEDADES MERCANTIS	SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA	Mínimo 1
		SOCIEDADE LIMITADA NOVA EMPRESA	Mínimo 1 máximo 5
		SOCIEDADE ANONIMA	Mínimo 1
	SOCIEDADES MERCANTIS ESPECIAIS	SOCIEDADE LIMITADA LABORAL	Mínimo 3
		SOCIEDADE ANONIMA LABORAL	Mínimo 3
		SOCIEDADE COOPERATIVA	Mínimo 3

A/O EMPRESARIA/O INDIVIDUAL

É a forma xurídica máis sinxela, a que presenta menores formalidades para a súa constitución. Por este motivo é, en termos xerais, a máis numerosa. De maneira particular, é habitual na agricultura ou no comercio polo miúdo.

Segundo a lexislación española, pode ser empresario/a individual calquera persoa maior de 18 anos, as persoas menores de idade emancipadas que teñan libre disposición dos seus bens e as persoas menores ou incapacitadas a través dos/as seus/súas representantes legais.

Definimos empresaria/o individual como aquela persoa física que, dispoñendo da capacidade legal necesaria, exerce de xeito habitual e por conta propia unha actividade empresarial.

É a figura que hoxe en día se coñece coloquialmente como autónomo/a, en referencia ó Réxime Especial da Seguridade Social no cal se atopan encadrados.

Mentres que por *empresa* debemos entender o acto de organización dos elementos necesarios para a produción dun ben ou a prestación dun servizo.

Condicións:

Todo/a empresario/a individual debe cumprir as tres condicións seguintes:

1ª.- Capacidade legal:

Estar capacitada/o legalmente para actuar: para poder ser empresaria/o. É necesario ser maior de idade (ou menor emancipado/a) e poder dispoñer libremente dos bens propios.

Cómpre distinguir entre capacidade xurídica e de obrar.

A capacidade xurídica é a que teñen as persoas desde o intre en que existen como tales (as persoas físicas cando nacen e as persoas xurídicas cando se constitúen).

A *capacidade de obrar*, ou capacidade legal, é a que teñen as persoas ás que a lei lles permite realizar por si mesmas negocios xurídicos.

Como excepción á capacidade legal, tamén hai que sinalar que o Código de Comercio permite, en ocasións, ser empresario/a a persoas que non dispoñen de capacidade de obrar. En concreto, permite que os/as menores de 18 anos ou as persoas incapacitadas poidan continuar, por medio de tutores/as, as actividades empresariais recibidas por herdanza ou doazón. Esta postura permisiva dáse por mor do principio de conservación e continuidade dos establecementos e empresas.

2ª.- Exercicio habitual da actividade empresarial:

Un acto mercantil illado non presupón o dito exercicio habitual. Para iso requírese unha realización reiterada do actos mercantís e, seguidamente, a publicidade por calquera medio da dita realización.

Hoxe en día é suficiente coa alta no imposto sobre Actividades Económicas (IAE).

3ª.- Exercicio da actividade empresarial por conta propia:

A súa principal característica é a asunción do risco de dita actividade, o cal supón, por unha banda, o cumprimento das obrigas inherentes a tal actividade (obrigas mercantís, civís, administrativas, fiscais, laborais e contables), e por outra, a responsabilidade económica polas posibles débedas contraídas no exercicio de tal actividade.

O feito de que a responsabilidade da/o empresaria/o individual polas débedas contraídas alcance a todo o seu patrimonio individual e, en

ocasións, ó patrimonio común do seu matrimonio (Régime Económico Matrimonial da Sociedade de Gananciais) é unha das causas principais pola que moitos empresarios se deciden pola constitución dunha Sociedade Mercantil para o exercicio das súas actividades mercantís.

Vantaxes

É a forma máis sinxela de iniciar unha actividade empresarial de maneira individual, xa que non require un proceso previo de constitución. Os trámites iníciáanse co comezo da actividade empresarial e soamente se debe pagar o imposto de actividades económicas (IAE), se é o caso, e acollerse o réxime de autónomos/as da Seguridade Social (darse de alta).

Hai algúns colectivos profesionais excluídos do réximen especial de autónomos por convenio especial dos seus respectivos colexios coa Seguridade Social (ex. Avogados/as).

Os rendimentos que se obteñen na empresa inclúense no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) en algún dos rexímenes seguintes, dependendo de que a actividade sexa empresarial, profesional o artística:

- Estimación directa: normal ou simplificada.
- Estimación obxectiva.
- Estimación indirecta, determinada soamente pola inspección tributaria.

Así a/o empresaria/o individual pode obter unha ventaxa fiscal si o conxunto das súas rendas e desgravacións a/o sitúa na franxa do imposto cun tipo inferior ao 30%, que é o tipo reducido do imposto de sociedades.

Inconvenientes

O principal inconveniente é a responsabilidade patrimonial ilimitada: a/o empresaria/o individual debe facer fronte a todo o seu patrimonio persoal diante de calquer obrigación que a/o empresaria/o contraia no exercicio da súa actividade empresarial. Esta responsabilidade podese estender, no caso de empresarias/os individuais casadas/os en réximen de ganancias, a todo os bens do cónxuge. Este aspecto pode obrigar a optar por outra figura xurídica se se quere separar o patrimonio persoal do da empresa ou se se debe asumir un alto grao de risco polas características da actividade que se quere levar adiante.

CARACTERÍSTICAS DO EMPRESARIA/O INDIVIDUAL	Responsabilidade: ilimitada
	Capital mínimo para a constitución: non existe
	Tributación. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Este imposto gravará os seus ingresos de xeito variable de acordo coa súa contía. A porcentaxe que se lle aplica é maior canto maior é o beneficio
	Seguridade Social: Réxime de autónomos/as
	Nome: libre, pode ser a/o propietaria/o ou denominacións imaxinarias

AS SOCIEDADES

En ocasións diversas persoas deciden poñer en común traballo ou capital para iniciar un proxecto empresarial e constituír unha sociedade.

Atendendo ó tipo de actividade que exercen, existen tres tipos de sociedades: non mercantís, cooperativas e mercantís.

AS SOCIEDADES NON MERCANTÍS

Teñen por obxecto (nun principio) exercer actividades distintas das mercantís. Réxense polo Código Civil e entre elas encóntrase a comunidade de bens e a sociedade civil. Esta última tamén pode adoptar forma mercantil

SOCIEDADE CIVIL

Unha sociedade civil é un contrato polo cal dous ou máis persoas, para levar a cabo unha actividade económica e repartirse as ganancias, poñen en común calquera dos factores seguintes: diñeiro, bens, industria e/ou traballo.

Características:

Este contrato pode recoller practicamente calquer pacto ou acordo (distribución de tarefas, de ganancias, de pérdas, etc.) as cales cheguen aos asociadas/os. O único que non se pode facer é excluír a un/unha dos/as socias/os/as da participación nos beneficios, así coma contradecir a lexislación. Todo isto fai que para o bo funcionamento da sociedade civil sexa necesario que entre os/as socias/os/as que a constitúan exista un bo entendemento e coordinación.

Para constituír esta sociedade non é necesaria ningunha formalidade, a non ser que os/as socias/os/as aporten bens inmobles ou dereitos reais; nese caso e obrigatorio constituíla diante notaría e pagar o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (xa que se traspara patrimonio os/as socias/os/as á sociedade civil). En todo caso, é bastante recomendable para lexitimar máis claramente os pactos entre os/as socias/os/as.

Se a sociedade civil se constituí ante notaría e se inscribe no Rexisto Mercantil obtén personalidade xurídica propia.

O resto de sociedades civís tamén teñen personalidade xurídica se os/as socias/os/as contratan en nome da sociedade, e non en nome propio, e se as/os terceiras/os coñecen a existencia destas sociedades.

Non teñen, pois, personalidade xurídica as sociedades con pactos entre os/as socias/os/as que se manteñan en segredo (que se rixen polas disposicións relativas as comunidades de bens, art. 392 e seguintes do Código Civil).

Os/As socios/os/as poden nomear unha persoa apoderada xeral, encargada de administrar a sociedade. Se non se fai así, calquera dos/as socios/os/as pode actuar como tal e, polo tanto, obrigar cos actos a toda a sociedade. Calquer socio/a pode opoñerse ás operacións doutro/a antes de que éstas teñan producido ningún efecto legal.

Condicións

Cada socio/a debe cumprir as condicións seguintes:

- Non estar incapacitada/o legalmente (e, polo tanto, ser maior de idade ou menor emancipada/o)
- Actuar en nome propio.

A partir desto, todas aquelas persoas que realicen directamente unha actividade económica continuada debense dar dalta no réximen de autónomos/as da Seguridad Social.

En principio a sociedade civil non pode ter por obxeto actividades mercantís, xa que é regulada polo dereito civil. Pero na medida que pode obter un CIF e a alta no imposto de actividades económicas sitúase en igualdade de condicións respecto ás sociedades mercantís, rexidas polo dereito mercantil, e, polo tanto, pode levar a cabo actividades empresariais ou profesionais.

Vantaxes

É unha das formas máis baratas e rápidas de constituirse como empresa. A súa situación, a cabalo entre dos marcos legislativos, dalle unha certa falta de definición en canto a obrigacións.

O réxime é pactista: os/as socios/os/as teñen absoluta liberdade para pactar o que queren co límite de non contradecir a lei.

Esta forma xurídica permite manter en segredo os pactos entre os/as socios/os/as, excepto no caso xa comentado, porque a constitución se pode realizar mediante contrato privado ou ata verbal. Neste caso a sociedade ríxese polas disposicións relativas á comunidade de bens.

Ten as mesmas vantaxes que o/a empresario/a individual polo que respecta aos impostos. Os/As diferentes socios/os/as distribúense as ganancias según o pacto que teñan e cada un/unha está obrigado/a a incluílo dentro da súa declaración do imposto sobre a renda.

Inconvenientes

A mesma flexibilidade na constitución desta sociedade, que comentábamos como vantaxe, pode converterse nun inconveniente polo feito de ser unha figura societaria moi pouco definida que deixa boa parte das condicións de funcionamento sometidas á existencia duns firmes acordos entre os/as socios/os/as.

Esta figura, por definición, limita a responsabilidade diante de terceiros/as a que se pode pactar a distribución das pérdas entre os/as socios/os/as e obligarlles a responder das débedas de maneira mancomunada (según os pactos) e subsidiaria respecto ó patrimonio da sociedade.

O inconveniente principal é que, o dedicarse a actividades empresariais ou de comercio, a sociedade civil convírtese en irreguar, e perde limitación de responsabilidade de todo os/as socios/os/as e de maneira solidaria que regula o Código civil (xa que se convierte en ilimitada) diante das obrigacións que establece a sociedade.

A este inconveniente añádeselle o dun coste máis elevado de constitución no caso de que se faga ante notario/a: debese pagar un 1% do capital aportado polas/os socios/os/as como pago do imposto de transmisións patrimoniais (ITPeAXD).

Tamén ten un maior coste de funcionamento, xa que todos os/as socios/os/as que directamente realicen unha actividade laboral deben estar dados de alta na Seguridade Social, excepto os colectivos de profesionais que teñan un réxime especial. Os membros de sociedades de profesionais, ademáis, poden entrar dentro do réxime de transparencia fiscal do imposto sobre a renda.

CARACTERÍSTICAS SOCIEDADE CIVIL	DA	Responsabilidade: Ilimitada
		Mínimo de socios/os/as: 2
		Capital mínimo para a constitución: non existe
		Tributación. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas
		Seguridade Social: Réxime doutónomos
		Nome seguido da sigla SC.

COMUNIDADE DE BENS

Fundaméntase nun contrato polo que unha determinada propiedade ou dereito pertence, de maneira indivisa, a varias persoas (comuneiros/as).

Os/As socios/os/as poden achegar unicamente bens, pero non diñeiro nin traballo.

Unha comunidade de bens existe cando a propiedade dunha cousa ou dun dereito pertence pero indiviso a diversas persoas. Trátase dunha figura que regula unha situación de copropiedade dunha cousa (por exemplo un terreo, un edificio) ou dun dereito (patente, marca...) que pertence a diversos titulares conxuntamente e a cada un/unha lle corresponde unha parte proporcional das súas cuotas de participación, tanto dos beneficios como das cargas.

Características:

A comunidade de bens nace porqué unha cousa ou dereito pertence a unhas cantas persoas, copropietarias, sen que necesariamente exista un acordo de

vontades entre elas. Diferenciase da sociedade civil porqué na última requírese un acordo voluntario dos/as socios/os/as de por en común diñeiro, bens e/ou traballo.

Condicións:

A comunidade de bens non necesita unha aportación mínima para constituirse. De todas maneiras poden aportarse soamente bens, pero non se pode aportar soamente diñeiro ou traballo.

Os actos de administración da cousa ou dereito común requiren do acordo da maioría dos/as partícipes e ningún pode realizar alteracións sen consentimento dos/as outros/as. Pola contra, cada socio/a da comunidade de bens é pleno/a propietario/a da súa parte e, en consecuencia, pode vendela, cedela ou hipotecala. Unha das súas potestades importantes é tamén a de esixir a división da cousa común, aínda que se poden establecer pactos que obriguen a conserva-la cousa ou o dereito indivisos durante un determinado período de tempo, que nunca pode ser superior a 10 anos.

Vantaxes:

A principal vantaxe é que a participación nas ganancias e as perdas establece-se en proporción ás respectivas cuotas dos/as socios/os/as, que se presumen iguais mentras non se probe o contrario.

As/Os socios/os, se queren, e sen ningunha obriga-ción, poden establecer un contrato que regule dereitos, deberes e características da xestión da cousa ou dereito común. En caso de falta de contrato, a comunidade de bens rixese polas disposicións contidas no título III do libro II do Código civil.

Inconvenientes:

A responsabilidade ante terceiros/as é ilimitada. Ademáis, débese constituir mediante escritura cando se aportan bens inmobles ou dereitos reais.

As comunidades de bens non teñen personalidade xurídica, e os copropietarios/as actúan en nome propio diante de terceiro/ass, excepto se é necesaria a escritura pública.

CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE DE BENS	Responsabilidade: ilimitada
	Mínimo de socios/os/as: non existe
	Capital mínimo para a constitución: non existe
	Tributación. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas
	Seguridade Social: Réxime de autónomos/as para os/as comeneiros/as ou Réxime Xeral se son traballadores/as
	Nome: nome completo do primeiro comeneiro/a seguido pola expresión "e outros" e a sigla CB.

Redación do contrato civil:

Para constituír unha sociedade civil (ou unha comunidade de bens) é necesario redactar un contrato de constitución onde se regulen os dereitos e as obrigacións das persoas socias. Se se quere que a sociedade civil teña personalidade xurídica debese firmar o contrato diante dun/dunha notario/a. Isto, se ben é optativo, é obrigado nos casos nos que se aporten á sociedade civil (ou á comunidade de bens) bens inmobeis ou dereitos reais. En todo caso é recomendable.

AS SOCIEDADES MERCANTÍS

As sociedades mercantís son asociacións voluntarias de **persoas físicas** ou **xurídicas** que pretenden obter beneficios para si mesmas a partir dos beneficios obtidos na sociedade.

Nacen no momento de inscrición da escritura de constitución da sociedade no Rexistro Mercantil. Poden finalizar a súa existencia por decisión dos asociados ou porque se extinguiu o seu patrimonio. Comprenden as *sociedades colectivas, comanditarias, de responsabilidade limitada, anónimas e laborais*.

A elección dunha ou doutra forma xurídica dependerá das necesidades organizativas do negocio a crear e dos niveis de responsabilidade fronte a terceiros que queiramos asumir. Optaremos por un ou outro, en atención ó criterio do número de socias/os, a aportación de cada un, o capital social, o tipo de responsabilidades das/os socias/os, os trámites de constitución, etc.

➤ **SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA (S.L. OU S.R.L.)**

Tratase dunha sociedade na que a responsabilidade das/os socias/os está limitada, esta circunstancia fai que as dificultades que teñen as sociedades con responsabilidade ilimitada desaparezan aumentando as posibilidades de captación de novos/as socias/os/as e polo tanto de ampliación e crecemento da empresa.

A sociedade de responsabilidade limitada ou sociedade limitada é unha forma xurídica mercantil de tipo capitalista, que pode estar integrada por unha persoa ou máis. Nesta sociedade o capital social é dividido en participacións sociais iguais, indivisibles e acumulables, que non se denominan accións.

Estas participacións son nominais e non poden transmitirse libremente, xa que as/os socias/os teñen o dereito de adquisición preferente e as transmisións deben constar nun documento público.

A sociedade deberá ter un libro de rexistro das/os socias/os no que se teñen que facer constar a titularidade e as sucesivas transmisións das participacións.

A posesión de participacións dunha sociedade de responsabilidade limitada implica diversos dereitos:

- Influencia nas decisións da Xunta Xeral de maneira proporcional ó valor das participacións.
- Participación nos beneficios de maneira tamén proporcional.
- Dereito de compra, preferente das participacións de socias/os que desexen abandonar a sociedade fronte a persoas alleas a ela.

Na escritura de constitución pódense incluír todos pactos que as/os socias/os crean convenientes establecer, e pódense fixar nos Estatutos outras prestacións accesorias diferentes das apartacións de capital (por exemplo, a apartación de traballo), e indicar se se realizan a título gratuito ou retribuído.

Características:

Como indica o seu nome, a responsabilidade é limitada: a responsabilidade das/os socias/os ante as obrigacións da sociedade limitase ao capital aportado á compañía. Non responden co seu patrimonio persoal das débedas sociais. As apartacións de capital débense efectuar en diñeiro ou en bens valorados economicamente.

Condicións:

A primeira das condicións para a súa constitución e que se faga mediante Escritura Pública ante notario que se inscribirá no Rexistro Mercantil, dita escritura debe expresar unha serie de mencións obrigatorias:

MENCIONS OBLIGATORIAS DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN DUNHA SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA

1. Datos persoais das/os socias/os, se son persoas físicas, ou a denominación social, se son persoas xurídicas.
2. A denominación ou razón social e o domicilio, xunto ás sucursais ou delegacións (obrigatoriamente no territorio nacional para as Sociedades españolas)
3. O obxecto social e a duración da mesma.
4. O capital social e as participacións en que se divide. Estas, o ter o mesmo valor cada unha, implicará que o capital social sexa igual o valor da participación polo número de participación. (pode tratarse de metálico, bens ou dereitos, indicando o valor asignado a estes últimos e as participacións sociais que se lle asignan en función da aportación.
5. Designación das persoas ou persoa que exercerá a administración e a representación da Sociedade.
6. A forma de convocar, constituír, deliberar e tomar decisión na xunta de socias/os/as.
7. Os demais pactos lícitos e condicións especiais que as/os socias/os estimen pertinentes.

O capital social mínimo debe ser de 3.005 € e debe estar totalmente subscrito e desembolsado no momento da constitución da sociedade. É obrigatoria a presentación ó notario dun certificado do depósito das cantidades aportadas

a nome da sociedade nunha entidade de crédito. Non existe ningún máximo polo que se refire ó capital.

Órganos de goberno da sociedade de responsabilidade limitadas son:

- **Xunta Xeral de socios/os:** se o número de socios/os é superior a 15. está formada por tódolos/as socios/os/as e reúnese como mínimo unha vez ó ano. Os acordos da Xunta Xeral rexen a vida da sociedade e tómanse segundo as maiorías previstas na Lei que rexe este tipo de sociedade.
- **Administrador/a ou Administradores/as ou Consello de administración:** A sociedade de responsabilidade limitada pode ter un/unha administrador/a único/a ou diversos administradores/as que actúen conxuntamente ou solidariamente, ou ben un Consello de administración, cun mínimo de 3 e un máximo de 12 conselleiros/as escollidos/as pola xunta xeral ou estipulados/as nos estatutos.

Os/As administradores/as non teñen por que ser socios/os da sociedade e mentres que desempeñen dito cargo non poden dedicarse nin por conta propia nin por conta allea ao mesmo xénero de negocio que teña por obxecto a sociedade para a que traballan a menos que a propia sociedade a través da súa Xunta Xeral lle lo permita.

O/A administrador/a (ou os/as administradores/as) teñen a función de representar a sociedade ante terceiros e de dar razón ós socios/os anualmente, en Xunta Xeral, da súa xestión da sociedade.

Vantaxes:

A principal vantaxe respecto as anteriores figuras é que esta forma xurídica prevé a limitación da responsabilidade das/os socios/os o capital aportado á sociedade.

Respecto as sociedades anónimas, ten como vantaxe que o capital necesario para a súa constitución e as obrigacións administrativas son moito menores.

Outra vantaxe, moi importante, é que as/os socios/os que constitúen a sociedade de responsabilidade limitada controlan totalmente cales serán as/os socios/os en todo momento, posto que as participacións son nominais, pola obrigación, á hora da transmisión das participacións, de ofrecelas inicialmente as/os socios/os preexistentes, e pola obrigación de formalizar a venda en documento público, aspecto que quita liquidez ás participacións.

Esto trae consigo que as/os socios/os teñan un total control (nas sucesivas ampliacións) da propiedade da empresa e restrinxe a posibilidade de entrada de novas/os socios/os non desexados.

No momento de facer apartacións non monetarias non fai falta ningún informe externo, coa diminución de gastos que esto representa. No caso das sociedades de responsabilidade limitada, pode ser o/a administrador/a quen certifique o valor das apartacións, pois é o responsable de que os valores sexan reais.

Actualmente as empresas de reducida dimensión, as que facturen menos de 1.502.503 € no exercicio anterior, dispoñen dun tipo inferior, o 30%, á hora de pagar polos seus primeiros 90.150,19 € de beneficios. A partir de aquí pagan polo tipo normal do 35% polas cantidades que excedan deste importe.

Inconvenientes:

A limitación da responsabilidade ó capital aportado dificulta que a sociedade de responsabilidade limitada cun capital mínimo consiga créditos sen dispoñer do aval persoal das/os socias/os, o cal desfai esta limitación do risco, é dicir, a responsabilidade non é de todo limitada xa que igualmente debese responder persoalmente, como avaladores/as, das posibles débedas da empresa.

Os/As promotores/as da empresa non se poden contratar aproveitando os contratos bonificados, cos beneficios que esto representa, xa que a lexislación destas modalidades ou prohíbese especialmente.

Soamente se pode aportar á sociedade bens ou dereitos susceptibles de valoración; polo tanto, queda excluída a posible apartación do traballo ou servicios como participación na sociedade.

CARACTERÍSTICAS DA SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA	Responsabilidade: limitada á achega
	Mínimo de socias/os/as: 1 (poden existir SLU)
	Capital mínimo para a constitución: 3005,06 €, que debe estar totalmente desembolsado no momento da fundación. Ten que estar dividido en participacións iguais, indivisibles e acumulables que non poden denominarse accións
	Tributación. Imposto sobre Sociedades
	Seguridade Social: Réxime de autónomos para as/os socias/os ou Réxime Xeral se son traballadores/as
	Nome: acompañado por unha indicación que sinale o tipo de sociedade que é. Normalmente úsanse as sigas SL (sociedade limitada) ou SRL (Sociedade de Responsabilidade Limitada).

➤ **Sociedade de Responsabilidade limitada unipersoal**

A sociedade de responsabilidade limitada unipersoal é unha sociedade mercantil de carácter capitalista que soamente ten un/unha socio/a.

Características:

As sociedades unipersoais (tanto as limitadas como as anónimas) son aquelas sociedades formadas por un/unha único/a socio/a. Este tipo de sociedade pode ser de dous cases diferentes, en función do seu orixe:

- **Unipersonalidade orixinaria:** sociedade constituída orixinariamente por un/unha único/a socio/a, tanto se é persoa física como xurídica.
- **Unipersonalidade sobrevida:** sociedade constituída por dous/dúas ou mais socias/os/as, no momento da fundación, e na que, por calquera circunstancia, tódalas participacións pasan a ser propiedade dun/dunha único/a socio/a.

Condicións:

É obrigatoria a publicidade da condición de unipersonalidade, que se debe consignar nunha escritura pública e inscribir no rexistro mercantil, expresando obrigatoriedade a identidade do/a socio/a único/a.

Débese engadir á denominación social a expresión *sociedade unipersoal*, e a condición de sociedade unipersoal débese consignar en toda a súa documentación, correspondencia, albarás e facturas.

A/O socio/a única/o exerce tódalas competencias da Xunta Xeral. Debe consignar na acta tódalas decisións que tome e pode nomear administradores/as para que executen a súas decisións e leven a xestión efectiva da sociedade.

Vantaxes:

Esta forma xurídica posibilita a limitación da responsabilidade sen a necesidade de contar con outros/as socias/os/as e legaliza unha situación de feito necesitada de regulación legal. Ademais, se manteñen tódalas vantaxes comentadas no apartado anterior para as sociedades de responsabilidade limitada.

Inconvenientes:

En xeral mantéñense tódolos inconvenientes sinalados respecto ás sociedades de responsabilidade limitada.

O/A socio/a único/a responde persoalmente de maneira ilimitada e solidaria de tódalas débedas sociais sempre que pasen seis meses dende a adquisición da unipersonalidade por parte da sociedade e que esta non este inscrita no rexistro mercantil.

Á dificultade de conseguir créditos, en caso de ter o capital mínimo, comentado no apartado das sociedades de responsabilidade limitada, débese engadir a necesidade de garantir a solvencia da/o socio/a única/o.

Os contratos entre a/o socia/o única/o e a sociedade deben formalizarse por escrito, nun libro rexistro legalizado especificamente para este fin. Sométense a unha regulación propia.

➤ **SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA NOVA EMPRESA (SLNE)**

Características:

A SLNE está pensada para os proxectos empresarias máis pequenos, para facilitar a súa constitución e posta en marcha, dunha maneira rápida e con plenas garantías xurídicas

Tratase dunha especialidade da sociedade de responsabilidade limitada que encaixa para proxectos empresariais de reducidas dimensións. O procedemento de constitución pode ser telemático ou presencial a elección dos/as socios/os/as.

A Sociedade Limitada Nova Empresa réxese, como a Sociedade de Responsabilidade Limitada ordinaria, pola Xunta Xeral de socio/ass e polo órgano de administración.

A principal diferenza é a forma de convocatoria, xa que a Sociedade Limitada Nova Empresa pode convocarse de forma habitual a tódalas sociedades de responsabilidade limitada ordinarias e tamén mediante correo certificado con acuse de recibo ó domicilio que tiveran indicado as/os socios/os ou a través de correo electrónico.

Condicións:

As/Os socios/os deben ser persoas físicas, como número máximo so poderán ser cinco e permíttese a sociedade limitada nova empresa unipersoal.

O capital social debe de estar entre os 3.012 euros como mínimo e 120,202 euros máximo. Esta cantidade ten que ser desembolsada integramente mediante apartacións dinerarias no momento de constituír a sociedade.

Igual que a Sociedade Limitada ordinaria, a SLNE ten o seu capital dividido en participacións sociais. Estas participacións poderán transmitirse tanto inter-vivos como mortis causa coa única salvedade de que só poderá facerse a favor de persoas físicas.

Non obstante, é posible que, como consecuencia de transmisión forzosa de participacións sociais, por exemplo un embargo, estas recaian nunha persoa xurídica. Nese caso, a Lei establece que deberán ser enaxenadas a persoas físicas no prazo máximo de tres meses. De incumprir este mandato legal, a consecuencia sería que a Nova Empresa deixaría de selo e quedaría sometida ás normas xerais que rexen as Sociedades de Responsabilidade Limitada ordinarias. Esta sanción legal, non libera aos administradores da obrigaón de

convocar unha Xunta Xeral na que se adopte o acordo de conversión que regularice a situación, así como de modificar en consecuencia os estatutos sociais, eleva-los a público ante notario e proceder a súa inscrición no Rexistro Mercantil. De non facerse así, o/a administrador/as ou administradores/as responderán fronte á sociedade, fronte ó resto dos/as socios/os/as e fronte ós acredores polo dano causado.

Vantaxes:

O obxecto social é xenérico para permitir maior flexibilidade no desenvolvemento das actividades empresariais sen necesidade de modificar os estatutos da sociedade.

Os órganos de goberno son sinxelos. As/Os administradoras/es da sociedade teñen que ser socios/os e non se prevé a existencia de Consello de Administración.

Conta cunha serie de vantaxes fiscais e aprazamentos.

A Sociedade Limitada Nova Empresa, está sometida ó Imposto sobre Sociedades (IS). Este é un imposto de carácter proporcional que grava o beneficio obtido a un tipo constante con independencia do montante do beneficio. Na actualidade, o tipo de gravame xeral é do 35% pero se a empresa factura menos de 5 millóns de euros, contéplanse dous tramos: hasta 90.151 euros de beneficio, se tributa polo 30% e o resto de beneficios, no seu caso polo 35%.

Aprazamento sen aportación de garantías do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP/AJD), pola modalidade de operacións societarias durante o prazo dun ano dende a súa constitución. Este imposto grava a constitución da sociedade e o seu tipo xeneral é de 1% do capital social.

- Aprazamento sen aportación de garantías, das débedas tributarias derivadas do Imposto sobre Sociedades correspondentes ós dous primeiros períodos impositivos concluídos dende a súa constitución.
- Aprazamento ou fraccionamento, con garantías ou sen elas, das cantidades derivadas de retencións ou ingresos a conta do IRPF que se devenguen no primeiro ano dende a súa constitución.
- Non existe obriga de efectuar pagos fraccionados do Imposto sobre Sociedades, a conta das liquidacións correspondentes ós dous primeiros períodos impositivos dende a súa constitución.
- Conta aforro-empresa da que os fondos deben destinarse á constitución dunha SLNE cunha duración mínima de dous anos con, polo menos, un local e un/unha empregado/a. O réxime fiscal é similar ó da conta aforro-vivenda (devolución no IRPF do 15% do importe depositado na conta co límite de 9.015,18 euros anuais durante un prazo máximo de 4 anos).

Os trámites de transformación da Sociedade Limitada Nova Empresa son os mesmos que se establecen para a Sociedade de Responsabilidade Limitada ordinaria. A Lei dá importantes facilidades para que as Sociedades Limitadas Nova Empresa poidan continuar a súa actividade como sociedades de responsabilidade limitada ordinarias, así, por Lei só se requirirá o acordo, por maioría simple, da Xunta Xeral e que se realice a necesaria adaptación dos estatutos sociais. Tanto o acordo como a modificación estatutaria deberán ser elevados a público ante notario e inscritos no Rexistro Mercantil.

Non é obrigatoria a levanza do Libro Rexistro de Socias/os/as porque o reducido número de socias/os/as non o fai necesario.

Extraordinaria axilidade nos trámites e procedemento de constitución.

CARACTERÍSTICAS DA SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA NOVA EMPRESA	Responsabilidade: limitada á achega
	Máximo de socias/os/as: 5, todos persoas físicas
	Capital mínimo para a constitución: 3012 €, e o máximo 120.202 €.
	Tributación. Imposto sobre Sociedades
	Seguridade Social: Réxime de autónomos para as/os socias/os ou Réxime Xeral se son traballadores
	Nome: formado polos apelidos e polo nome dun/dunha dos/as socias/os/as fundadores/as, seguido dun código e da indicación Sociedade Limitada Nova Empresa (SLNE)

➤ **SOCIEDADE ANÓNIMA**

É unha sociedade mercantil de tipo capitalista na cal as/os socias/os poñen recursos en común para levar a cabo unha actividade de tipo empresarial co obxectivo de conseguir unhas ganancias. O capital social (conxunto de achegas que deben facer as/os socias/os) está dividido en accións que representan a parte da empresa que ten cada un das/os socias/os. Os votos de cada socia/o están en función directa do número de accións que teñen.

Neste tipo de sociedade existe unha maior liberdade para a venda das participacións que as/os socias/os podan ter na sociedade, a transmisión das accións é libre.

As accións poden ser: nominativas ou o portador, o que garante o anonimato da/o socia/o se así o desexa.

A condición de accionista conleva os seguintes dereitos:

- Influencia nas decisións tomadas pola Xunta Xeral de maneira proporcional ó número de accións.
- Participación nos beneficios proporcional ó número de accións, chamase dividendo.
- Dereito de compra preferente das novas accións no caso de que a sociedade decida ampliar o seu capital.

Órganos de goberno:

- Xunta Xeral: Constituída pola reunión da totalidade das/os socias/os. É o máximo órgano de goberno, no que as/os socias/os deciden por maioría os acordos que son da súa competencia.
- Consello de Administración: Nomeado pola Xunta Xeral, ten a función de representar e xestionar a empresa.

Características:

A responsabilidade das/os socias/os fronte as obrigas da sociedade limitase ó capital aportado á sociedade, é dicir, a responsabilidade das/os socias/os ante terceiras persoas está limitada ó valor nominal das accións que subscribirán.

Pode estar formada por un única/o socia/o (sociedade anónima unipersoal), de acordo coa disposición adicional segunda da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, pola cal é de aplicación á sociedade anónima a regulación da unipersonalidade orixinaria e sobrevida referida ás sociedades de responsabilidade limitada, e que se tratou no último apartado.

Condicións:

O capital social mínimo non pode ser inferior a 60.100,13 € (en efectivo, bens o dereitos) e debe ser subscrito integramente e desembolsado, como mínimo nun 25%, no momento de constitución da sociedade. Non hai un límite máximo.

Como é unha sociedade mercantil, débese constituír en escritura pública e débese inscribir no rexistro mercantil no termino de dous meses dende o outorgamento. A partir da inscrición e cando a sociedade adquire personalidade xurídica propia. O contido da escritura de constitución e os trámites de legalización son os mesmos que comentamos respecto a as sociedades de responsabilidade limitada.

Para a súa constitución e necesaria Escritura Pública e inscrición no Rexistro Mercantil.

MENCIONS OBRIGATORIAS NA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN DUNHA SOCIEDADE ANÓNIMA

1. Datos persoais dos outorgantes (persoas físicas) e a razón social (persoas xurídicas)
2. Vontade explícita de fundar unha SA.
3. Diñeiro, bens ou dereitos que cada socio/a aporte ou se obligue a aportar, indicando o título no que o faga e o número de accións recibidas en representación da súa aportación.
4. A identificación das persoas que inicialmente administrarán a Sociedade.

CONTIDO MÍNIMO DOS ESTATUTOS DUNHA SOCIEDADE ANÓNIMA

1. Denominación da SA.
2. Obxecto social: actividade económica para cuxa explotación se crea a SA.
3. A duración da mesma empresa e data de inicio da actividades.
4. Domicilio social: a SA fixará un domicilio no territorio nacional, no que teña lugar a súa dirección efectiva ou o seu establecemento principal.
5. Capital social: non inferior a 60.101,21 euros, indicando a cantidade desembolsada no momento da constitución e a forma e prazo na que satisfará a parte do capital subscrita polas/os socias/os pero aínda non aportada (dividendos pasivos).
6. Número de accións en que estivera dividido o capital social, o seu valor nominal, case e serie, o importe desembolsado e a indicación de si son nominativas ao portador.
7. Estrutura do órgano xestor e de administración.
8. Xeito de deliberar e de tomar acordos dos órganos colexiados.
9. Data de peche do exercicio. A fala de indicación expresa será o 31 de decembro.
10. Restrición á libre transmisibilidade das accións, se así se adopta.
11. Outros pactos e condicións que as/os socias/os fundadores xulguen convintes, que non opoñan as leis ou os principios configuradores da SA

Vantaxes:

A responsabilidade das/os socias/os diante de terceiras persoas está limitada o valor nominal das accións que se subscribirán. A diferenza con algunha das formas anteriores, se a empresa ten problemas so se pode perder o diñeiro que se achegase. A libre transmisión das accións pode permitir a calquera socia/o vender facilmente a parte do capital que teña, en caso de querer deixar a empresa, sen mais problemas que o de encontrar comprador (a menos que os estatutos da empresa digan o contrario).

Inconvenientes:

O custo de constitución desta forma xurídica é elevado: esixe escritura pública de constitución, o cal representa un gasto de notario, e debese pagar un 1% do capital social en concepto de imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

A lei de sociedades anónimas prevé toda unha serie de mecanismos administrativos destinados á mellora da xestión e o control sobre este tipo de sociedades, que está pensado para grandes empresas, e que podería dificultar o funcionamento dunha microempresa.

Se a sociedade anónima facturou mais de 1.502.503,17 € no exercicio anterior, non pode aplicar o tipo inferior, o 30%, á hora de pagar polos seus primeiros 90.150,19 € de beneficios. É dicir, paga polo tipo normal do 35% por tódalas cantidades suxeitas a este imposto.

CARACTERÍSTICAS DA SOCIEDADE ANÓNIMA	Responsabilidade: limitada á achega
	Mínimo de socias/os: 1 (poden existir SAU)
	Capital mínimo para a constitución: 60101,21 €, que debe estar totalmente subscrito no momento da fundación e desembolsado nun 25%. Ten que estar dividido en partes alicuotas denominadas accións
	Tributación. Imposto sobre Sociedades
	Seguridade Social: Réxime de Autónomos para as/os socias/os ou Réxime Xeral se son traballadores/as
	Nome: acompañado por unha indicación que sinale o tipo de sociedade que é. Normalmente úsanse as siglas SA (sociedade anónima).

➤ **SOCIEDADE COMANDITARIA**

É unha sociedade mercantil de tipo personalista, na cal non hai libre transmisión dos títulos.

Características:

A sociedade está constituída por dous tipos de socias/os/as, con funcións, dereitos e deberes diferentes:

- **Os comanditarios**, que teñen a súa responsabilidade limitada o capital que aportan e non participan en a xestión,
- **Os colectivos**, que rexen a sociedade, aportan traballo e, en algún caso, tamén capital.

Condicións:

A división do capital social define dous tipos de sociedades comanditarias:

- **A sociedade comanditaria simple**, na cal o capital social (non hai mínimo legal) está desembolsado integramente na súa constitución mediante achegas das/os socias/os comanditarios, e onde todas e todos os socias/os colectivos teñen responsabilidade ilimitada, de maneira persoal e solidaria.
- **A sociedade comanditaria por accións**, nas que o capital social debe ser, como mínimo, de 60.100,13 € de (o 25%, desembolsado no momento da constitución) e o menos un das/os socias/os colectivos ten que ser o administrador da sociedade tendo responsabilidade ilimitada. O resto de condicións réxense pola mesma Lei das sociedades anónimas.

A sociedade comanditaria debe estar formada, como mínimo, por dous/dúas socias/os/as un deles colectivo e outro comanditario. As/os socias/os deben ser maiores de idade o menores emancipados e ter capacidade legal para actuar.

Vantaxes:

O feito de que haxa socias/os colectivos que dirixen a sociedade fai que a sociedade sexa mais dinámica, e que non se dependa da consecución de acordos para actuar.

Inconvenientes:

É moi difícil que se podan encontrar socias/os comanditarios, xa que non poden exercer ningún tipo de control sobre a xestión do capital que aportan. Outro inconveniente que se debe destacar é que polo menos un das/os socias/os colectivos ten responsabilidade ilimitada, cousa que le fai responder, en caso de débedas, coa totalidade do seu patrimonio persoal.

CARACTERÍSTICAS DA SOCIEDADE COMANDITARIA	Responsabilidade: ilimitada para as/os socias/os colectivos e limitada para as/os socias/os comanditarios
	Mínimo de socias/os/as: 2 (tanto simple como por accións)
	Capital mínimo para a constitución: Simple: non existe; por accións :60101, 21 €
	Tributación. Imposto sobre Sociedades
	Seguridade Social: Réxime de autónomos para as/os socias/os colectivos e Réxime Xeral para os comanditarios
	Nome: Deben figurar os nomes exclusivamente das/os socias/os colectivos, no que nunca debe figurar o nome das/os socias/os comanditarios, e debe ir acompañado das S. En C. Ou S. Com..

➤ **SOCIEDADE COLECTIVA**

Características:

A sociedade colectiva é unha sociedade mercantil personalista con responsabilidade ilimitada e solidaria, en a cal todas/os as/os socias/os, baixo un nome común, comprométese a participar, na proporción que se estableza, dos mesmos dereitos e obrigacións.

O nome da sociedade debe formarse con o nome das/os socias/os, ou co dalgún ou algúns deles, engadindo a expresión «e compañía».

Hai dous tipos de socias/os:

- Os industriais, que soamente aportan traballo
- Os colectivos, que aportan traballo e bens.

A xestión efectiva da sociedade fana, habitualmente, os socias/os colectivos ou, de estes, os socias/os a quén deleguen a administración da firma.

Condições:

As/Os socias/os, maiores de idade e con capacidade de actuación, débense dar de alta no réxime de autónomos da Seguridade Social.

No hai un mínimo no capital social, pero se no número de socias/os, que debe ser como mínimo de dúas/dous.

Nesta sociedade o ser unha forma personalista, a calidade de socio/a non se pode transmitir sen a conformidade do resto de socias/os.

Vantaxes:

Unha vantaxe, determinada pola responsabilidade ilimitada das/os socias/os, é a maior facilidade á hora de conseguir préstamos para a sociedade, xa que estes están, implicitamente, avalados por todas e todos as/os socias/os colectivos.

Inconvenientes:

O seu principal inconveniente é que a responsabilidade dos socias/os colectivos é sempre ilimitada, e, polo tanto, responden das posibles débedas da sociedade con todo o seu patrimonio, de maneira persoal e solidaria. Isto quere dicir que calquera deles pode ter que responder da totalidade das débedas da empresa, sen prexuízo da súa posibilidade de actuar despois contra o resto de socias/os, para distribuír estas débedas en función do que se pactara no primeiro momento.

Para sociedades que unan profesionais pode ser de aplicación o réxime de transparencia fiscal do imposto sobre a renda. Por este motivo, esta figura xurídica practicamente non se utiliza como marco de actividades económicas que representan un certo risco.

Ademais, o tipo do imposto sobre transmisións patrimoniais actualmente é do 1%, igual que nas sociedades anónimas (non como antes, que era do 0,75% do capital escriturado).

CARACTERÍSTICAS DA SOCIEDADE COLECTIVA	Responsabilidade: ilimitada para os socias/os colectivos e limitada para os socias/os industriais
	Mínimo de socio/as: 2
	Capital mínimo para a constitución: non existe
	Tributación. Imposto sobre Sociedades
	Seguridade Social: Réxime de autónomos
	Nome: Deben figurar os nomes e os apelidos dos socias/os colectivos ou só un does, e despois engadir a expresión "e compañía" ou a súa abreviatura " e Cía."

➤ **SOCIEDADES LABORAIS**

Características:

O aspecto característico das sociedades laborais é que teñen que pertencer maioritariamente ó persoal que traballa nela por tempo indefinido e a xornada completa.

Son aquelas Sociedades Anónimas ou de Responsabilidade Limitada na que a maioría do capital social estará en mans de socias/os que ademais son traballadores/as delas, prestando servizos retribuídos de xeito persoal e directo.

Coñécense como Sociedade Anónima Laboral (SAL) e Sociedades Limitadas Laborais (SLL).

Condicións:

Nunha sociedade laboral existen tres tipos de membros:

➤ Socias/os traballadoras/es:

Serán aqueles socias/os que traballan de forma persoal e directa na empresa (polo tanto sempre persoas físicas) cunha relación laboral indefinida e a tempo completo, sendo á vez propietarios/as dun número de accións (chamadas de case laboral) que representen máis do 50% do capital social.

➤ Socias/os non traballadoras/es:

Serán aqueles socias/os propietarias/os de accións (chamadas de case xeral) sen relación laboral coa empresa, podendo ser tanto persoas físicas ou xurídicas.

➤ Traballadoras/es asociadas/os:

Serán as/os traballadoras/es por conta allea cos que contará a Sociedade, contratadas/os a través de contrato indefinido ou temporal. Establécese un número límite de traballadoras/es, que será o equivalente ó 15% de horas traballadas polos socias/os traballadoras/es, é dicir, o número máximo de empregadas/os que se terán será aquel que iguale o 15% das horas traballadas polos socias/os traballadoras/es.

Vantaxes:

- As/Os socias/os traballadoras/es posúen maioritariamente o control da Sociedade
- É obrigatorio destinar anualmente unha porcentaxe dos beneficios obtidos ó Fondo de Reserva, para garantir o futuro da Sociedade.
- Permite a capitalización por desemprego.
- Teñen bonificacións e exencións fiscais pola súa constitución (ITP e AJD, IAE...).
- Limita a responsabilidade das/os socias/os ó capital aportado á Sociedade.

- Poden acceder a unha normativa especialmente favorable de axudas (Fomento da Economía Social).

Inconvenientes:

- Non se poden transmitir as accións libremente
- Teñen limitada a cantidade de contratacións a realizar de traballadoras/es indefinidos que non sexan socias/os. Non poderá ser superior ó 25% do total das horas/ano traballadas polos socias/os traballadoras/es en empresas de menos de 25 socias/os traballadoras/es e ó 15% desa cantidade no resto de empresas. Para o cálculo destas porcentaxes no se terán en conta as/os traballadoras/es con contratos de duración determinada

CARACTERÍSTICAS DA SOCIEDADE LABORAL	Responsabilidade: limitada á achega
	Mínimo de socias/os: 3, dos cales 2 deben ser traballadoras/es
	Capital mínimo para a constitución: 60101,21 € para unha sociedade anónima laboral e 3005,06 € para unha sociedade limitada laboral.
	Tributación. Imposto sobre Sociedades
	Seguridade Social: Réxime de autónomos para os socias/os ou Réxime Xeral se son traballadoras/es
	Nome: acompañado por unha indicación que sinala o tipo de sociedade laboral que é. (SAL OU SLL)

➤ SOCIEDADES COOPERATIVAS

Características:

É un tipo de Sociedade que, con capital variable e estrutura democrática, asocian, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, a persoas que teñen intereses ou necesidades socio-económicas comúns, para cuxa satisfacción ó servizo da comunidade desenvolven actividades empresariais imputándose os resultados económicos aos socias/os, unha vez atendidos os fondos comunitarios, en función da actividade que fan na cooperativa.

Polo tanto, é a fórmula de asociación máis empregada cando a intención das/os socias/os sexa dedicarse a unha actividade empresarial dedicada a producir bens ou prestar servizos para terceiros, pero desenvolvida polas/os mesmas/os socias/os, proporcionándose a si mesmos un posto de traballo, a través da fundación desta Sociedade.

Condicións:

Réxense polos seguintes principios:

- Non poden depender de ningunha organización política, relixiosa ou sindical.

- Todos e todas as socias teñen os mesmos dereitos e obrigacións.
- Excedente, tamén chamado retorno cooperativo, debe ser repartido de forma proporcional á participación de cada socio/a nas operacións sociais.
- Unicamente poden ser socias/os aqueles que traballen nela e que, ademais, acheguen un capital.
- Libre adhesión e porta aberta. A incorporación e baixa dos socias/os é libre e voluntaria para todo aquilo que cumpra coas condicións esixidas pola cooperativa. Por este motivo, o capital dunha cooperativa é variable: aumenta co número de socias/os e diminúe cando algún se da de baixa.

As figuras que se contemplan na lexislación para as cooperativas son:

As persoas socias cooperativistas:

- Deben ser un mínimo de tres persoas físicas maiores de 16 anos.
- Teñen que achegar a cantidade mínima fixada nos estatutos.
- As persoas que traballan que traballan deben estar dadas de alta na Seguridade Social e poden escoller entre o Réxime Xeral ou o de autónomos segundo se especifique nos Estatutos

Asalariados/as:

- Persoas contratadas pola cooperativa.
- O número de traballadoras/es asalariadas/os con contrato por tempo indefinido non poderá ser superior ó 10% do total das/os socias/os e, en calquera caso, superior a 50 persoas.

Adheridas/os:

- Poden ser tanto persoas físicas como xurídicas, sempre que a súa existencia se contemple nos estatutos da cooperativa.
- Os adheridos achegan capital.
- A suma das súas achegas non pode ser superior ó 33% das achegas do total das/os socias/os ó capital social.

As persoas socias dunha cooperativa teñen diferentes dereitos e obrigas:

- Dereitos:
 - Participar na actividade empresarial e societaria.
 - Elixir e ser elixido para os cargos dos órganos sociais. Cada socio ou socia ten un voto.
 - Ser informado sobre calquera aspecto relacionado coa cooperativa
 - Reembolso das súas achegas coas correspondentes deducións, se é o caso, cando causen baixa na cooperativa.
- Obrigas
 - Participar na actividade empresarial que desenvolve a cooperativa, nas actividades de formación e nas reunións dos órganos sociais.
 - Aceptar os cargos para os que sexan elixidos.
 - Acatar os acordos que adopten validamente os órganos sociais.

- Manter en segredo asuntos e datos cando a súa divulgación poida prexudicar a cooperativa.

Requisitos de constitución:

A Sociedade constitúirse mediante Escritura Pública, que se inscribirá no Rexistro de Cooperativas (en vez do Rexistro Mercantil), que se creou ó efecto.

Trámites a seguir:

1. Certificación negativa de denominación: é dicir, certificación acreditativa de que non existe outra Cooperativa nin Sociedade con mesmo nome.
2. Celebrarase unha asemblea constituínte, formada por todos e todas as promotoras, que deberá nomear a un xestor dos tramites de constitución dos cargos dos órganos sociais da Cooperativa, aprobar os Estatutos sociais e outorgar a Escritura Pública de Constitución.
3. Calificación previa do proxecto dos Estatutos: esta fase é potestativa realizarase antes de outorgar a Escritura Pública de Constitución. O Rexistro de Cooperativas emitirá un informe dos defectos que os Estatutos puideran ter, para poder subsanalos antes de elevar a Escritura Pública a constitución da Sociedade. Este trámite retrasa a constitución da Cooperativa pero asegura que a Escritura non será rechazada ó ir inscribila no Rexistro por defectos nos seus Estatutos.
4. Inscripción da Escritura Pública de Constitución da Sociedade no Rexistro de Cooperativas.

As cooperativas teñen catro órganos sociais:

- Asemblea Xeral: constituída por todas e todos os socios. Nela cada un pode participar con voz e voto, e ser reitor e elixible nos demais órganos sociais. É o órgano soberano e os seus acordos son obrigatorios para tódolos membros da sociedade.
- Consello Rector: É o órgano encargado de xestionar a cooperativa e estar formado por un mínimo de tres socios/os.
- Interventores: A súa función é revisar as contas anuais. Son un máximo de tres socios/os.
- Comité de Recursos: Encárgase de resolver reclamacións presentadas polos cooperativistas. Está formado por un mínimo de tres socios/os.

Vantaxes:

- É a forma societaria máis participativa e democrática.
- Existen diversas axudas e bonificacións específicas para as cooperativas.
- Pódese obter a cualificación de Cooperativa Fiscalmente Protexida, o que implica un tipo do 20% no Imposto sobre Sociedades, que pode chegar ó 10% e diversas vantaxes noutros impostos.
- Existe posibilidade de escoller entre a limitación ou non limitación da responsabilidade dos socios/os, así como o réxime de Seguridade Social.
- Non existen limitacións en canto ó capital mínimo para a súa constitución.
- O seu obxectivo principal é o ben común das/os traballadoras/es e non o beneficio económico.
- Permite a capitalización por desemprego.

- Pode acceder a unha normativa especialmente favorable de axudas (Fomento da Economía Social).

Desvantaxes:

- Esixe un alto grao de entendemento entre os socios/os para poder adoptar acordos axilmente.
- Soldo das/os traballadoras/es non é fixo, senón variable de acordo coa marcha da cooperativa.
- Maior complexidade nos trámites de constitución.
- Obriga a dotar en cada exercicio un fondo de reserva obrigatorio co 30% do excedente da sociedade e un fondo de educación e promoción cooperativa do 10%.

CARACTERÍSTICAS DA SOCIEDADE COOPERATIVA	Responsabilidade: limitada , dependendo do que se especifique nos estatutos
	Mínimo de socios/os: 3, nas de primeiro grao, 2 nas de segundo (cooperativas de cooperativas)
	Capital mínimo para a constitución: 3005,06 €
	Tributación. Imposto sobre Sociedades
	Seguridade Social: Réxime de autónomos para os socios/os ou Réxime Xeral se son traballadoras/es
	Nome: acompañado por unha indicación S. Coop.

CADRO RESUMEN DAS FORMAS XURÍDICAS DE EMPRESA

PERSONALIDADE	FORMA XURIDICA	NUMERO DE SOCIAS/OS	CAPITAL SOCIAL MINIMO	RESPONSABILIDADE	ORGANOS DE ADMINISTRACION	CONSTITUCION	REXINEN FISCAL	
PERSONAS FISICAS	EMPRESARIO INDIVIDUAL	1	Non existe mínimo legal	Ilimitada	A/o propia/o empresario	Ningunha formalidade	IRPF	
SOCIEDADES NON MERCANTIS	COMUNIDAD DE BENS	Mínimo 2	Non existe mínimo legal	Ilimitada	Administradores un, varios ou todos os comuneiros	Escritura pública se se aportan bens inmoibles o dereitos reais	IRPF	
	SOCIEDAD CIVIL	Mínimo 2	No existe mínimo legal	Ilimitada	Administrador único, varios mancomunados o todos os socias/os	Escritura pública se se aportan bens inmoibles o dereitos reais	IRPF	
PERSOAS XURIDICAS	SOCIEDADES MERCANTIS	SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITAD	Mínimo 1	Mínimo 3.005,06 € 100% desembolsado	Limitada capital aportado	Xunta Xeneral de Socias/os, Administrador/es o Consello de Administración	Escritura Pública	Imposto sociedades
		SOCIEDAD LIMITADA NUEVA EMPRESA	Mínimo 1 máximo 5	Mínimo 3.012 € máximo 120.202 €	Limitada capital aportado	Órgano unipersonal o pluripersonal formado por socias/os	Escritura Pública que poderá ser a través de técnicas telemáticas	Imposto sociedades
		SOCIEDAD ANONIMA	Mínimo 1	Mínimo 1 Desembolso mínimo 25%	Limitada capital aportado	Xunta Xeneral de Accionistas, Consello de Administración o administradores	Escritura Pública incluíndo estatutos	Imposto sociedades
	SOCIEDADES MERCANTIS ESPECIAIS	SOCIEDAD LIMITADA LABORAL	Mínimo 3	Mínimo 3.005,06 € 100% desembolsado	Limitada capital aportado	Junta General, Consejo de Administración	Escritura Pública	Imposto sociedades
		SOCIEDAD ANONIMA LABORAL	Mínimo 3	Mínimo 60.101,21 € Desembolso mínimo 25%	Limitada capital aportado	Junta General, Consejo de Administración	Escritura Pública	Imposto sociedades réxime especial
		SOCIEDAD COOPERATIVA	Mínimo 3	Mínimo fixado en las Estatutos	Limitada capital aportado	Asamblea General, Consejo Rector, Intervención	Escritura Pública	Imposto de sociedades de réxime especial (20%)